



## **POLÍTICA DA CALIDADE**

O IES “As Telleiras” ten definida a calidade como parte fundamental da súa política e estratexia e ten adoptado un sistema de xestión da organización baseado nos principios da calidade. En concreto, o referente fundamental son os requisitos expresados na Norma UNE-EN ISO 9001:2008.

Asumindo o espírito desa norma, o noso centro ten adoptada a calidade como unha filosofía de actuación que se identifica coas seguintes directrices:

- Atención ás demandas (explícitas e implícitas) da comunidade educativa, escoitando a súa voz e procurando satisfacer as súas expectativas.
- Aliñamento dos nosos procesos e dos nosos proxectos coa misión e visión institucionais, procurando actuar conforme ás condutas que se recollen na formulación dos valores.
- Un afán de mellora continua en todas as actividades a través das que prestamos servizo, mediante un enfoque baseado en procesos nos que se contempla a súa planificación, desenvolvemento, revisión e mellora.
- A adopción de metodoloxías de traballo baseadas na cultura da evidencia, a xestión a partir de datos e a disciplina do traballo en equipo.
- A mellora dos resultados definindo os indicadores e obxectivos e avaliando o nivel de logro dos mesmos.

Estas directrices despréganse a través dos seguintes procesos e proxectos:

- Implantación e desenvolvemento dun sistema da calidade segundo UNE-EN ISO 9001:2008.
- Medición e análise periódico da satisfacción dos integrantes da comunidade educativa.
- Revisión do sistema da calidade e actualización periódica de procesos.
- Auditorías internas e externas do sistema da calidade.

Despréganse, así mesmo, nos plans anuais a través da formulación e o cumprimento dos obxectivos. Os obxectivos do centro serán cuantificables e medibles a través de indicadores e todos eles constitúen os obxectivos da calidade; o seu grao de cumprimento será avaliado periodicamente.

O compromiso coa calidade afecta a toda a organización. O centro acepta este compromiso e a súa responsabilidade no cumprimento dos requisitos establecidos no sistema de xestión da calidade, así como o de participar activamente na mellora da calidade e da xestión, e no logro dos obxectivos institucionais.

A dirección do centro xestionará os medios e solicitará a formación necesaria para o desenvolvemento exitoso das actividades derivadas da implantación do sistema de calidade.

(Texto aprobado polo Consello Escolar o día 5 de febreiro de 2015)